



Concello de Xinzo de Limia

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DECRETO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUTURAL DE TÉCNICO/A DE URBANISMO, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

En data 26/09/2024 ditouse decreto de Alcaldía , procedéndose a súa notificación colectiva ex artigo 45.1.b da lei 39/2015, de 1 de outubro, sendo esta do seguinte teor literal:

“ DECRETO DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUTURAL DE TÉCNICO/A DE URBANISMO, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

Visto decreto de elevación a definitivo do resultado do exame de galego, selección de aspirante e requirimento de documentación na Convocatoria dunha praza estrutural de Técnico/a de Urbanismo, categoría B-21 , no seo do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración ó ampara da D.A 6º da lei 20/2021, do seguinte teor literal:

“Vista a Convocatoria do Proceso de Selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de Técnico/a de Urbanismo, categoría B-21, no marco do Proceso de Estabilización de Emprego Temporal de longa duración ó amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287 de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2 de data 3/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto de alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115 de data 21/05/2022.

Vista acta do tribunal de selección de data 24 de setembro 2024, do seguinte teor literal:

“ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE ELEVACIÓN A DEFINITIVO DOS RESULTADOS DO EXAME DE GALEGO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO NA CONVOCATORIA DUNHA (1) PRAZA ESTRUTURAL DE TÉCNICO/A DE URBANISMO, CATEGORÍA B-21, NO SEO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN Ó AMPARO DA D.A. 6ª DA LEI 20/2021

Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía de 16/08/2024, escusan a súa asistencia o 3º Vogal, don Santiago Rafael de Lorenzo Taboada, Secretario-Interventor do Concello de Castrelo do Val, entendéndose o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as 12:50 horas do día 24 de setembro do 2024, procédese a realización da proba oral de galego.

Vista a Convocatoria do Proceso de Selección mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza estrutural de Técnico/a de Urbanismo B-21, no marco do Proceso de Estabilización de Emprego Temporal de longa duración ó amparo da D.A. 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, convocatoria e bases xerais e específicas que foron publicadas no BOP de Ourense n.º 287 de data 17/12/2022, extracto do anuncio da convocatoria no BOE nº 2 de data 3/01/2023, e cuxa oferta de emprego público excepcional foi aprobada por Decreto de alcaldía de data 18/05/2022, publicada no BOP de Ourense n.º 115 de data 21/05/2022.

Visto decreto de aprobación provisional de listaxe de admitidos e excluídos publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia o 09/07/2024, e visto que expirado o prazo de presentación de reclamacións ou subsanacións, publicouse no taboleiro de anuncio decreto de aprobación de listaxe definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do tribunal en data 16/08/2024.

Vista acta do Tribunal de baremación definitiva da reunión celebrada o 17/09/2024.

Vistos os resultados provisionais das probas de galego realizadas en data 19/09/2024.

Prócedese o desenvolvemento da sesión coa seguinte orde do día.





Concello de Xinzo de Limia

- 1) Elevación a definitivo do resultado da proba de galego.
- 2) Proposta de nomeamento da aspirante con maior puntuación.

1) Elevación a definitivo do resultado da proba de galego

Vistos os resultados provisionais da proba de galego realizada en data 19/09/2024, e visto que non se presentaron alegacións, queda elevado a definitivo o resultado da proba de galego seguinte:

Aspirantes	DNI	Resultado da Proba de galego
JOSÉ FRANCISCO ARIAS CUESTA	***2951**	APTO

2) Proposta de nomeamento da aspirante con maior puntuación.

Segundo a base novena das que rexen a convocatoria na que se refire literalmente “Concluída a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico do Concello a relación de aspirantes na orde de puntuación alcanzada e, tras a realización da correspondente proba de galego de ser preciso, elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior ó de prazas convocadas”, mediante a presente, o Tribunal de Baremación, por unanimidade dos seus membros, **propón ó órgano competente o nomeamento da aspirante seleccionada con maior puntuación, sendo esta a seguinte:**

DNI	Apelidos e nome	Puntuación total/máxima servicios	Puntuación total/máxima formación	Puntuación total
***2951**	JOSÉ FRANCISCO ARIAS CUESTA	90	10	100

(...)”

RESOLVO

- 1) Sinalar que a aspirante seleccionada no proceso de estabilización de emprego para unha praza estrutural de Técnico de Urbanismo, categoría B-21, será don José Francisco Arias Cuesta, con D.N.I. ***2951**, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de Selección en Acta de data 24 de setembro do 2024.
- 2) Advertir á aspirante seleccionada que, para efectuar o seu nomeamento como Técnico de Urbanismo (persoal laboral fixo), será precisa a aportación no prazo de vinte días naturais da documentación recollida na cláusula décimo primeira das bases xerais reguladoras do proceso de estabilización, sendo esta a seguinte:
 - Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
 - Certificado médico que acredite a capacidade funcional do aspirante para o desemprego das tarefas habituais da praza.Asemade, deberán aportar no mesmo prazo outorgado, tarxeta da Seguridade social e nº de conta bancaria.
- 3) Advertir que non poderá ser nomeada persoal laboral fixo a aspirante que dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non presente a documentación anteriormente referida ou cando do exame da mesma dedúzase que carece dalgún dos requisitos esixidos.
- 4) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.”

Visto que a aspirante seleccionada presentou a documentación requirida en prazo.

RESOLVO

1. Contratar como persoal laboral fixo para a cobertura dunha praza de técnico/a de urbanismo categoría B-21, convocada no seo do proceso de estabilización do Concello de Xinzo de Limia, ó aspirante D. José Francisco Arias Cuesta, con D.N.I. *2951**..**





Concello de Xinzo de Limia

2. Comunicar ó aspirante seleccionado que debe acudir a formalizar a correspondente contratación como persoal laboral fixo no Departamento de Persoal do Concello no prazo de dez días naturais a contar dende a publicación deste decreto na sede electrónica, sen prexuízo da publicación no BOP.
3. Notificar o presente decreto ó Departamento de Persoal e a asesoría laboral do Concello de Xinzo de Limia.
4. Publicar a presente resolución no BOP para xeral coñecemento.(...)”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante á Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo. Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.

